



Estimados/as pais/nais:

Dende o equipo de educación infantil, queremos propoñer unha nova actividade ao noso alumnado.

Gustaríanos que enviase ao correo do cole (ceip.castrelo@edu.xunta.es) unha foto ou pequeno vídeo dos nenos/ as facendo algunha actividade ou xogo na casa.

Con ese material as mestras elaboraremos un vídeo para compartir a través do blogue de Castrelis e deste xeito estar en contacto e vernos as caras a través desta actividade.

É imprescindible que na foto ou vídeo só aparezan os nenos/as porque só deles temos a autorización para poder subir as imaxes.

Grazas

Mestras de Educación Infantil